



FONDO SOLIDARIO PARA 3º-4º-5º-6º AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO DE 1º e 2º AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR (ORDE do 29 de abril de 2022)

Fondo solidario 3º-4º-5º-6º

A asignación dos libros de texto efectuarase por:

1. Orde inversa á renda per cápita da unidade familiar, ata que se esgoten as existencias.
2. Terá preferencia o alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%, independentemente a renda.

Esgotados os libros dispoñibles, o centro adquirirá os libros necesarios (o importe máximo dos libros será 35 €) para garantir:

- a. Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6000 €: **6 libros**
- b. Renda per cápita entre 6000 e 10000 € : **4 libros**
- c. Alumnado mencionados no punto 2: **6 libros**

Axudas para adquirir libros de texto de 1º e 2º

1. Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6000€ : **210 €**
2. Renda per cápita entre 6000 e 10000: **140 €**

Axudas para material escolar

A contía de axuda para adquirir material escolar destinado ao alumnado de EP con renda per cápita igual ou inferior a 6000 € será de **50 €**

Aclaracións:

Renda per cápita familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2019 entre o número de membros computables, tendo en conta que computarán por dous os membros que acrediten discapacidade igual ou superior ao 33% ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez ou a equivalente de clases pasivas.

Sumarase a base imponible xeral e a base imponible de aforro do exercicio de 2020: (recadro 435) + (recadro 460)

Se non se presentou, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios da Axencia Estatal de Administración Tributaria

Nos casos de violencia de xénero non se terán en conta os ingresos do agresor para determinar a renda per cápita da unidade familiar.

Membros computables da unidade familiar:

- ✓ Os pais non separados legalmente nin divorciados ou ,de ser o caso, o titor ou titores.
- ✓ Os fillos e fillas menores de idade con excepción dos emancipados.
- ✓ As fillas e fillos maiores de idade con discapacidade ou incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- ✓ As fillas e fillos solteiros menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar.
- ✓ As persoas proxenitoras separadas legalmente ou divorciadas cando haxa custodia compartida.

- ✓ A persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análogo, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do alumnado agás nos casos de custodia compartida.
- ✓ Cando non exista vínculo matrimonial a unidade familiar esta constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.

Terase en conta a situación familiar a 31 de decembro de 2020.

Obrigas das persoas beneficiarias:

As persoas beneficiarias do curso pasado terán que devolver os libros de texto e material reutilizable, agás o alumnado de 1º e 2º. Conservar en bo estado os libros de texto e material reutilizable. Destinar os importes dos vales ao fin para o que foron emitidos e respectar as obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

A falta de devolución será causa de exclusión da participación no fondo solidario e nas axudas para libros e material escolar.

Solicitudes:

A solicitude será única para todos os fillos e fillas escolarizados no centro. No caso de que a solicitude se tramite por vía electrónica empregando a aplicación fondo libros, será necesaria a presentación dunha solicitude por cada alumno aínda que estean no mesmo centro.

ANEXO I

Documentación complementaria:

- **Anexo II** para a comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar.
- **Copia do libro de familia onde figuren todos os membros computables.** Nos casos en que non teñan libro de familia ou este non reflecta a situación a 31 de decembro de 2019, poderán acreditar o número de membros utilizando, por exemplo:
 - Sentenza xudicial de separación ou divorcio ou convenio regulador.
 - Certificado ou volante de convivencia.
 - Informe dos servizos sociais do concello onde resida a familia.
- **Certificado do grao de discapacidade, se fose o caso,** recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.
- **Documentación acreditativa da situación de violencia de xénero** en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007 do 27 de xullo.
- **Resolución xudicial de incapacitación** con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- **Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.**
- **Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais** do concello onde resida a familia, no caso de que o pai e a nai carezan de DNI e NIE

O prazo será do 19 de maio ata o día 22 de xuño (inclusive)

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica no formulario normalizado (ED330B-anexos I e II) dispoñible na aplicación informática Fondolibros (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros/>), a través da sede electrónica da Xunta de Galicia: (<https://sede.xunta.gal>). Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente nos centros docentes ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.